

MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE COMUNICA O EMPREGO DA LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS MEDIANTE MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DESDE SUPERFICIE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA

ANTECEDENTES

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aproba os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.
2. O *plan de xestión de solénidos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire desde superficie*, da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa (PE401A 2024/9-5), establece un número máximo de **dezaioito (18) embarcacións** e **corenta (40) mergulladores** habilitados.
3. Unha vez rematado o proceso de renovación dos recursos específicos para os anos 2025-2027 hai **dezaioito (18) embarcacións** e **trinta e oito (38) mergulladores** que exercen a actividade extractiva de solénidos neste plan.
4. Na ficha do plan aprobado indícase que poderán cubrirse as vacantes producidas (**primeiro semestre do ano**) ata acadar o número máximo no plan, sen exceder 3 cotas por embarcación.
5. O día 14.05.2025, o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo informa á Confraría de Pescadores da Illa da Arousa, que se procederá, mediante Resolución, á **apertura do prazo de presentación de solicitudes** para a elaboración de listas e, no caso de querer presentar as observacións ou alegacións que considere oportunas, o fagan á maior brevidade.
6. A Confraría de Pescadores da Illa de Arousa non presentou observacións ou alegacións respecto do proceso de inicio da elaboración de listas.
7. Os técnicos da Consellería do Mar non atopan impedimento á cobertura destas vacantes.
8. Mediante Resolución do 29 de maio de 2025, do Departamento Territorial da Consellería do mar en Vigo, ábrese o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no *plan de xestión de solénidos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie*, da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.
9. Mediante Resolución do 15 de xullo de 2025, do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publícase a lista provisional de puntuacións, con dúas (2) embarcacións admitidas no proceso; dase un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas. Non houbo embarcacións excluídas do proceso.
10. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, non se presentaron alegacións á puntuación provisional outorgada.
11. Mediante Resolución do 11 de agosto de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo (corrección de erros do 12 de agosto de 2025), publícase a lista aberta coas puntuacións obtidas por cada unha das embarcacións admitidas.
12. Mediante Resolución do 18 de agosto de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, comunícase ás persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista aberta que poderán beneficiarse do incremento de dúas (2) cotas vacantes no plan de xestión. En base aos criterios da convocatoria e a documentación achegada polos participantes ofértanse as dúas (2) cotas vacantes ao armador da embarcación ESPERA (VILL-4-1733), situado no primeiro posto da lista vixente.



13. Con data 28 de agosto de 2025 o armador da embarcación ESPERA (VILL-4-1733), presenta documentación para a xustificación do incremento de cotas, onde indica que só quere unha (1) cota para solénidos das dúas (2) ofertadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina, nos seus artigos 39 a 46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. As embarcacións admitidas están incluídas no *plan de xestión de solénidos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie* da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa, e compren os requisitos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do **recurso específico de solénidos** (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

3. Todas as solicitudes foron valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que indica:

- No apartado A.3 do Anexo I que, con carácter xeral, para o incremento, do número de cotas asignadas ás embarcacións estará en función das persoas que teñan enroladas, á vista do rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais de cada unha delas, e considerarase que o rol de despachos está actualizado á data en que o departamento territorial comunique o emprego da lista para o incremento de cotas nas embarcacións.
- No apartado A.4 do Anexo I que, o outorgamento de prazas quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizados/as pola administración marítima.

4. O Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego, de conformidade co establecido na sección 4ª do Capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Ao armador da embarcación ESPERA (VILL-4-1733), adxudicóuselle unha (1) cota das dúas (2) ofertadas xa que aceptou tan só unha delas, polo que procede realizar a oferta da cota (1) vacante ao armador da embarcación seguinte en orde de prelación.

De acordo con todo o anterior e, co establecido na base 2.1 do Anexo A, da Resolución do 26 de setembro de 2023, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta, este Departamento Territorial, **RESOLVE:**

1. Comunicar á persoa armadora da embarcación situada no segundo posto da lista aberta vixente para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no *plan de xestión de solénidos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende*



superficie, da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa (ANEXO I), que poderá beneficiarse do incremento **dunha (1) cota vacante** no plan de xestión:

Embarcación	Matrícula e Folio	Armador	NIF
FAVORITA	VILL-3-7510	Demetrio Barreiro Diz	* * * 7213 * *

2. Ofertar unha (1) cota vacante á embarcación anterior de acordo co indicado na seguinte táboa:

Embarcación	Matrícula e Folio	Nº de cotas actuais	Nº máximo de tripulantes (segundo certificado de conformidade)	Nº de cotas ofertadas
FAVORITA	VILL-3-7510	2	3	1

3. A adxudicación do número de cotas a cada embarcación dependerá do número de acreditacións solicitadas entre as ofertadas, das persoas que teñan enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Para a comprobación disto, as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas disporán dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados dende o día seguinte ao da publicación da presente Resolución, para presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud debidamente asinada, na que se indique o número de cotas que se solicitan respecto das ofertadas, identificando aos tripulantes.

b) Rol de despachos actualizado da embarcación, coa dotación da tripulación enrolada nela.

c) Certificación profesional que corresponda ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do Mar, de ser o caso. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o Anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade, para as persoas traballadoras autónomas, de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Polo tanto, as solicitudes e a documentación indicada, deberán presentarse por vía electrónica mediante o formulario normalizado PX006A (achega de documentación adicional) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNIe) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou, do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que non aceptan a oferta do incremento e cotas por desestimento.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, e na Orde do 30 de decembro de 2015, as embarcacións seleccionadas que presenten a documentación dentro do prazo establecido deben cumprir, ademais, cos seguintes requisitos para a obtención do incremento das cotas asignadas:

- Non ter sancións en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento.
- Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.



- c) O/A armador/a da embarcación e as persoas ás que se lles outorgue a cota, non poderán ser titulares dun permiso de explotación á pé para recursos específicos, debendo renunciar a este.

As persoas armadoras que non acepten os incrementos ofertados durante dúas (2) veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses. No caso de renunciar aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de nova a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A presente Resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A Resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ó da notificación.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA

LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS (ordeadas segundo puntuación e alfabeticamente)

☒

Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha so cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
ESPERA	VILL-4	1733	5,00	0,80	0,00	5,80
FAVORITA	VILL-3	7510	0,00	0,00	2,00	2,00

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo que se aproba o baremo para accede ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos par o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan e xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

Total: puntos acadados en total.

C1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.

C2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación. Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada con mergullador (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

C3 Habitualidade da actividade pesqueira.

– Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

–Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

